

## Noticias destacadas


**ECOBAS PARTICIPA NUNHA  
XORNADA ORGANIZADA POR  
CAMPUS DO MAR NO MARCO  
DO 'III INTERNATIONAL FORUM  
MSP IOC-UNESCO'**

O encontro, organizado por Campus do Mar, tivo lugar o pasado mes de maio no marco do evento coordinado pola Intergovernmental Oceanographic Commission da UNESCO, e contou coa participación de Raquel Fernández, do grupo ERENEA, e Pol Fontanet, do grupo REDE.


**A SEXTA EDICIÓN DO PONT  
UP STORE ABRE O PRAZO DE  
PRESENTACIÓN DE  
CANDIDATURAS**

O encontro de emprendemento máis importante de Galicia celebrarase en Pontevedra do 19 ó 21 de setembro. O prazo de presentación de solicitudes para participar nalguna das modalidades existentes estará aberto ata o vindeiro 7 de xullo.

Coñece ó noso equipo...

**CARLOS FERNÁNDEZ-JARDÓN,  
coordinador do grupo IC2**


Carlos María Fernández- Jardón é doutor en Economía e doutor en Matemáticas pola Universidade de Navarra. Posúe, ademais, un *MBA Executive* da Caixanova Business School e un Máster en Xestión do Coñecemento pola Universidade Complutense de Madrid.

Foi docente na Universidade de Santiago de Compostela, na Universidade de Navarra e na escola de negocios Caixavigo - Universidade de Gales. Actualmente é Catedrático de Economía Aplicada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

Ten realizado numerosas investigacións no campo da Economía Aplicada e da investigación de mercados, que deron lugar a máis de 150 publicacións, entre libros e artigos científicos e de divulgación, sobre, entre outras cuestións, a análise de datos da empresa, as aplicacións ao mundo empresarial, o uso de instrumentos econométricos para a xestión financeira, a internacionalización de empresas ou o desenvolvemento rexional. Tamén ten colaborado en diferentes proxectos de investigación sobre as empresas galegas, e en proxectos de cooperación en Arxentina e Paraguai.

Ademais de participar en numerosos congresos nacionais e internacionais, e de realizar estadias de investigación en universidades como a London School of Economics, a Université de Quebec, a Universidade Gaston Dachary, a Universidade Nacional de Misiones, en Arxentina, ou a National Research University Higher School of Economics, en Rusia, ten dirixido 17 teses doutorais no campo da Economía Aplicada.

**Convocatorias abertas e eventos de interese**
**UVigo - Axudas a grupos e centros de investigación**

• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 28 de xuño

**UVigo - Bolsas de mobilidade para a realización de actividades de carácter formativo**

• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 24 de xuño

**XXXIII Congreso Internacional de Economía Aplicada (ASEPELT2019)**

• Sede Afundación, Vigo. 19-23 de xuño de 2019

**XXIV Workshop on Dynamic Macroeconomics**

• Pazo de Soutomaior. Do 9-11 de xullo de 2019

Ver todas as noticias 